

Creando empresas saudables



FICHAS INFORMATIVAS

Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Participación I

Causas:

1. Ausencia dun sistema que permita a participación de todos os integrantes do sistema produtivo na toma de decisións.
2. As ideas achegadas admítense, pero non son tomadas en consideración por parte do equipo directivo.
3. Non se recompensa a achega de ideas de mellora dos procesos e o ambiente laboral.

Consecuencias:

1. Inhibición na participación por falta de motivación.
2. Perda de sentido de pertenza ao grupo de traballo.
3. Falta de implicación nas actividades do grupo, tanto laborais como fóra do ámbito laboral.
4. Falta de motivación na execución das melloras para realizar.
5. Pasividade na execución das tarefas encomendadas.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Creación dun sistema de comunicación bidireccional que permita transmitir as indicacións desde a dirección ao resto dos traballadores e, así mesmo, recibir o *feedback* da súa resposta.
2. Permitir a achega de suxestións na elección de equipos de traballo, equipos de protección e adopción de medidas preventivas por parte dos traballadores.
3. Evitar rexeitar as ideas á primeira sen deixar un tempo para reflexionalo. As ideas novas precisamente o son porque van máis alá do común.
4. Recompensar publicamente aos membros dos grupos de traballo máis activos e con ideas máis plausibles.